

# 7 Cova de Eirós

**G**alicia conta cunha gran cantidade de paraxes para practicar a espeleoloxía. Covas, simas, buracas e furnas tecen unha rede de galerías subterráneas que convidan á súa exploración.

A Cova Eirós é unha gruta natural localizada no concello lucense de Triacastela, aos pés da serra do Oribio. Os arqueólogos atoparon útiles de pedra do Paleolítico Medio e, polo tanto, asociados a humanos *neanderthalenses*, de hai uns 35 000 anos. Mais tamén encontraron restos que demostran a presenza do *Homo sapiens*, no Paleolítico Superior: útiles de caza tallados, puntas de sílex e cristal de rocha, e adornos persoais.

Os paleontólogos acharon evidencias da súa ocupación polo oso das cavernas (*Ursus spelaeus*). Nas súas escavacións atoparon restos de máis de 40 individuos desta especie e tamén doutros mamíferos, como cervos e cabalos.

A cova contén, asemade, manifestacións de arte rupestre do Paleolítico (as primeiras en todo o noroeste peninsular), consistentes en pinturas e gravados zoomorfos (representacións de cervos, cabalos e, probablemente, tamén mamuts) e motivos xeométricos. A antigüidade destas pinturas estímase entre os 10 000 e os 20 000 anos.

Todas estas circunstancias xustifican a súa declaración como **Ben de Interese Cultural** no ano 2012.

## ■ Le e contesta

- Explica o significado de: *espeleoloxía*, *paleontoloxía*, *arqueoloxía*.
- Que circunstancia demostra que a cova foi habitada por homínidos? Cales? En que períodos?
- Ademais da presenza humana, que elemento artístico salienta a importancia desta cova?
- As manifestacións de arte rupestre son de dous tipos. Cales? De que época?

# 3

## Vocabulario

### Espeleoloxía e outros deportes



#### Comprende, interpreta, explica

##### 1 Le o texto e resolve as cuestións:

A espeleoloxía é un deporte xeralmente descoñecido, debido a que non é practicado por un gran número de deportistas e, sobre todo, a que se realiza case exclusivamente fóra da vista dos non practicantes: baixo terra.

Este deporte reúne unha serie de características que o fan fermoso e interesante. Dende o primeiro momento, desenvólvese dun xeito totalmente distinto ao que o home está acostumado: escuridade absoluta, humidade, frío, auga, xeo, grandes galerías, salas, pozos, pequenos e estreitos pasos.

Por outra banda, a beleza que a natureza e o paso dos anos vén dando a moitas covas e simas é única; beleza que tamén ten paraxes onde se atopan estas cavidades, xa que a paisaxe cárstica ten para nós, os espeleólogos, un particular encanto, moi distinto do que está afeito o montañeiro, aínda que moitas veces poidamos coincidir.

[http://deporteescolargalego.com/adjuntos/documentacion/2011\\_2012/2\\_ludica/espeleoloxia\\_ud.pdf](http://deporteescolargalego.com/adjuntos/documentacion/2011_2012/2_ludica/espeleoloxia_ud.pdf)

• Localiza no texto algunhas características da espeleoloxía.



• Espeleólogos e montañeiros comparten a beleza das paisaxes nas que realizan a actividade deportiva. Que outras similitudes observas entre ambos deportes? Que diferenzas?

##### 2 Relaciona cada deporte coa súa definición:

- |                        |                |
|------------------------|----------------|
| a) escalada artificial | e) windsurf    |
| b) salto de esquí      | f) caída libre |
| c) escalada libre      | g) motocrós    |
| d) descenso de rápidos | h) triatlón    |

1. Tregar muros construídos con materiais artificiais en espazos urbanos.
2. Modalidade de paracaidismo.
3. Actividade que consiste en subir por paredes verticais de rocha só coa axuda das manzanas e zapatillas ou cordas.
4. Descenso por augas bravas de ríos.
5. Salto con esquís desde un trampolín.
6. Modalidade de motociclismo que se practica nun terreo accidentado.
7. Deporte que reúne tres disciplinas: natación, ciclismo e carreira a pé.
8. Deporte náutico que consiste en desprazarse sobre a auga nunha táboa con vela.

3 Identifica os deportes que se agochan nestes xeroglíficos:



4 Ordena as sílabas para formar palabras pertencentes ao campo semántico de deportes acuáticos:

- a) Bóla que marca o percorrido dunha regata: LI-ZA-BA.
- b) Folla ou lámina móbil que serve para gobernar un barco, submarino ou avión, facendo que se mova a un lado ou a outro: MON-TE.
- c) Facer que un veleiro permaneza case inmóbil: RAR-PAI.
- d) Distancia entre o fondo da quilla dunha embarcación e a superficie da auga: LA-DO-CA.
- e) Lugar ou parte desde onde sopra o vento: VEN-LO-BAR-TO.
- f) Corda grosa de nove cordóns trenzados de tres en tres: CA-TE-BRÔ-LA.

5 Escribe o nome dos deportes que corresponden a cada fotografía:



6 Explica o significado destas expresións fraseolóxicas:

- a) Deixar K.O.
  - b) Ter o vento a favor.
  - c) Tirar a toalla.
  - d) Estar contra as cordas.
  - e) Colgar as botas.
  - f) Suar a camiseta.
  - g) Meter un gol.
  - h) Estar á cola do pelotón.
  - i) Chupar roda.
  - j) A toda vela.
- A que deporte pertencen?

# 7

# Literatura

## A literatura do século XIX

### 7.1 Primeiros textos

No século XIX a literatura galega leva a cabo a súa progresiva recuperación.

Nas primeiras décadas do século comezan a aparecer textos en galego. Trátase de obras de escaso valor literario e de **contido propagandístico**: contra a invasión francesa, a favor da Constitución, en defensa das ideas liberais, etc.

Pero en 1842 publícase xa *A casamenteira*, obra teatral de Antonio Benito Fandiño que trata o tema das vodas de conveniencia.

### 7.2 Os Precusores do Rexurdimento

Cara á metade de século, xorde a xeración dos denominados **Precusores do Rexurdimento**, na que se inclúen todos os escritores que teñen obra publicada antes da aparición dos *Cantares gallegos* de Rosalía (1863). Na súa maioría vencellados á xeración de 1846, constitúen a primeira xeración galeguista.

O rexurdir da literatura en lingua galega vai unido ao nacemento da **ideoloxía galeguista** (provincialismo primeiro, rexionalismo máis tarde). É dicir, a recuperación literaria non é un fenómeno exclusivamente cultural, senón que vai ligado ás reivindicacións políticas e económicas. A escollo do galego como lingua poética supón, neste sentido, unha actitude de compromiso.

Os temas principais da literatura do momento son:

- Exaltación da paisaxe galega.
- Apoloxía do idioma, defendendo a súa dignificación social e o seu emprego en todos os niveis, así como o seu estudo.
- Denuncia dos males que padece o país: atraso económico, emigración...
- Defensa fronte aos ataques e desprezos que sofren Galicia e os galegos.

O ano 1861 teñen celébranse na Coruña os primeiros **Xogos Florais de Galicia**, un concurso literario que gañou Añón co seu poema «A Galicia». O ano seguinte publicouse o *Álbum de la caridad*, un libro no que se recollían as composicións premiadas e tamén outras de autores da época, como Rosalía, Pintos e Pondal.

Os principais escritores deste período son: **Xoán Manuel Pintos** e **Francisco Añón**.

- **Xoán Manuel Pintos** é o autor d'*A gaita gallega* (1853), o primeiro libro da literatura galega contemporánea. Consta de sete «foliadas», en prosa e verso, con fragmentos en galego, castelán e latín. Preséntase como un método para aprender a lingua e conta con dous personaxes: un gaitero galego e o seu tamborileiro de orixe foránea, que dialogan sobre as características da lingua galega e outros temas como a emigración, a fame, a historia de Pontevedra, etc.
- **Francisco Añón** publicou en revistas e xornais da época un bo número de composicións de temática costumista e reivindicativa, en galego, castelán e portugués.

